

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

849

1382, febreiro, 1. Lugo

O bispo e a igrexa de Lugo afóranlles a Gómez Fernández e á súa muller e a unha voz unha camareta próxima ao pazo de Suar e unha cortiña na fonte de don Diego, por renda anual dun par de capóns.

MADRID, AHN, Carp. 1332 G/6, perg. orix., galego, gótica cursiva, 189x154 mm.

Sabeam todos commo nos don frey Pedro Lopes da orden dos preegadores por la gracia de Deus, obispo de Lugo, por nos et en nome da nosa iglesia cathedral de Lugo damos aforo et avervo a vos Gomes Ferrnandes, morador en Suar, et a vosa muller, Elvira Ferrnandes, et a huna persoa qual o postrimeiro de vos nomear que seia semellavile de vos, huna camareta que esta a par do paaço de Suar contra çima, et a cortinna muradada que esta a a fonte de don Diego, que feso Gonçalvo Osores, a a tal condiçõn que vos et a dita vosa muller et a dita persoa lavredes et paredes ben a dita cortinna, et mantenedes a dita camareta en boo estado, et dedes de cada anno de foro et renda dellas a nos et a a dita nosa iglesia et a nosos susçesores hun par de capoes por dia de Natal. Et se por ventura nos, o dito sennor obispo, ou nosos susçesores quisermos faser poussa enno dito lugar hu esta a dita camareta et cortinna que nos la desenbarguedes et o dito foro seia nihun. Et vos, o dito Gomes Ferrnandes, et a dita vosa muller et a dita persoa avedes a seer vasalos serventes et obidientes nosos et da dita nosa iglesia et de nosos susçesores, et a pasamento de vos, o dito Gomes Ferrnandes, et da dita vosa muller et da dita pesoa ha de ficar a dita cortinna et camareta livres et quitas et desenbargadas et ben paradas a nos, o dito sennor obispo, et a a dita nosa iglesia et a nosos susçesores con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Gomes Ferrnandes, por min et por la dita minna muller et persoa asy reço de vos, o dito sennor obispo, o dito foro que nos fasedes da dita camareta et cortinna, et oblige meus bees para faser et pagar et comprir et guardar todo o que sobredito he. Et nos, o dito sennor obispo, por nos et por la dita nosa iglesia asy vos-lo outorgamos en testemoyo desto mandamos ende faser duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foy feyta en Lugo, primeiro dia de fevreiro, era de mill et quatroçentos et viinte annos.

Testemoyas: Iohan Ferrnandes, clerigo de Valboa; Afonso Peres de Sant Lourenço de Peyvaes; Johan Lourenço dos Ferreiros; Fernan Afonso de Suar, et outros.

Et eu Pedro Rodrigues, notario publico de Lugo por lo dito sennor obispo, a esto que dito he con as ditas testemoyas presente fuy et por mandado do dito sennor obispo et a rogo do dito Gomes Ferrnandes esta carta en minna presença fis escriptvir, et puge y meu signal que tal he en testemoyo de verdade. (+).